



## DECRETO DE ALCALDÍA

CONSIDERANDO que o Concello de Oroso realiza o concurso de receitas de Entroido *En galego sabe mellor*.

En virtude das facultades conferidas polo artigo 61.1.S9 da Lei 5/1997, do 22 de xullo da administración local de Galicia, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar as seguintes bases e convocar o concurso de receitas de Entroido *En galego sabe mellor* no Concello de Oroso.

### **BASES DO CONCURSO DE RECEITAS DE ENTROIDO**

#### **EN GALEGO SABE MELLOR**

As bases polas que se rexerá o Concurso de receitas de Entroido “En galego sabe mellor” do Entroido Oroso 2019 son:

#### **PRIMEIRA:**

Poderán participar todas as persoas interesadas, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos

#### **SEGUNDA:**

O concurso está dirixido maiores de 16 anos.

#### **TERCEIRA:**

As receitas terán que ser típicas do Entroido, deberán estar escritas en lingua galega e presentarse en memoria USB ou enviar ao mail [cultura@orosogal.gal](mailto:cultura@orosogal.gal).

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Avenza Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos, personais enviando ao concello unha carta debidamente estibada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIE ou documento que acredite a súa identidade.



En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Avenza Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos, persoais enviando ao concello unha carta debidamente estibada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.

Así mesmo, deberase presentar o prato elaborado o día indicado pola organización

#### **CUARTA:**

Valorarase, a presentación e a creatividade, ser típicas do entroido, o sabor, así como a orixinalidade e a lingua da receita.

#### **QUINTA:**

Aceptaranse como máximo dúas receitas por participante, sendo premiada únicamente unha delas.

#### **SEXTA:**

Os concursantes presentarán as súas receitas no Centro Cultural Fernando Casas e Novoa, de luns a venres de 10h a 14h e de 16.30h a 20h e os sábados de 10h a 13h, tendo como data límite de presentación o mércores 27 de febreiro de 2019, antes das 14h. O día 28 de febreiro o prato deberá entregarse cociñado no centro cultural de 9 a 14h ou de 17 a 18h.

#### **SÉTIMA:**

Requirirase presentar a seguinte documentación: a receita presentada no concurso en memoria USB ou no mail cultura@orosogal, e noutro documento o título da receita cos datos persoais do/a autor/a (nome e apelidos, DNI, enderezo, data de nacemento e teléfono de contacto)

#### **OITAVA:**

O día 2 de marzo, arredor das 19.30h, terá lugar un acto de entrega de premios, ao cal poderán asistir todos os participantes e o público en xeral, realizarase a entrega durante o concurso de disfraces.

#### **NOVENA:**

Os premios dos gañadores serán os seguintes:

Gañador: Cea para dúas persoas no Restaurante Mirás por valor de 60€ (premio patrocinado por Restaurante Mirás) e un vale por importe de 30€ en alimentación (premio patrocinado por Supermercados Covirán Sigüeiro)

Finalista: Libro de cociña (ou lote de libros de cociña), valorado nun máximo de 45 euros (premio patrocinado pola librería Aula 10)



Ademais, as súas receitas serán publicadas na páxina web do concello:

[www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com)

## DÉCIMA

A participación no concurso significa a aceptación destas bases.

**SEGUNDO:** Dar publicidade ás seguintes bases no taboleiro de anuncios e darlle conta ao pleno na primeira sesión que se realice.

En Oroso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldía – Presidencia, do que eu, como Secretario, dou fe.